

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES ELVIÑA
CURSO: CUARTO ESO
MATERIA: LATÍN
DEPARTAMENTO: LINGUAS CLÁSICAS
DATA: 4 MAIO 2020

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Coñecemento da Gramática latina (30%)	Competencia linguística. Estudo da Gramática como medio de acceder aos textos latinos.
Tradución e conversión de textos (20%)	Competencia linguística. Conversión de textos latinos sinxelos ás linguas vernáculas.
Coñecemento do léxico latino e trasvase ó léxico propio (20%)	Competencia linguística. Estudo do léxico latino e a súa influencia nas linguas propias.
Asimilación da cultura latina (30%)	Competencia socio-cultural. Historia de Roma, sociedade, mitoloxía, pensamento, arte, literatura e vida cotiá.

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	Procedementos: Traducións orixinais e adaptadas. Análise morfosintáctica. Coñecemento da cultura. Derivación dos étimos latinos nas linguas propias.
	Instrumentos: Probas diferenciadas para todas as competencias.
Cualificación final	<p>Nas materias do Departamento seguiremos as pautas dadas polo Ministerio: será unha avaliación continua elaborada principalmente cos resultados dos dous trimestres presenciais e matizada polos traballos elaborados no confinamento. Teremos en conta as circunstancias radicalmente distintas e distópicas desta avaliación. O alumnado que presente o seu traballo con regularidade e atención poderá verse beneficiado á alza na súa cualificación ata un total do 20% no caso de estaren correctamente realizados.</p> <p>A nota do aprobado deberá ser un cinco na materia, tal e como está recollido na programación ordinaria.</p>
Proba extraordinaria de setembro	Con respecto á avaliación extraordinaria de setembro o aprobado será tamén a nota de cinco. Os contidos da proba extraordinaria serán os vistos e estudados nos dous primeiros trimestres presenciais.
Avaliación de materia pendentes	Criterios de avaliación: Non hai alumnado pendente nesta materia.
	Criterios de cualificación: Non hai alumnado pendente nesta materia.
	Procedementos e instrumentos de avaliación: Non hai alumnado pendente nesta materia.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	Tradución, análise e exercicios de gramática. Traballos sobre aspectos culturais.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):	<p>As tres primeiras declinacións están xa estudadas; deixaremos a cuarta e a quinta pola súa menor incidencia en xeral na lingua latina, ou, en todo caso, verase superficialmente. Iremos vendo paulatinamente algúns pronomes de especial relevancia como persoais, demostrativos, anafóricos, numerais e relativos.</p> <p>Estudaranse tamén formas invariables como preposicións e adverbios; teñen escasa dificultade pero gran importancia semántica.</p> <p>O verbo como elemento vertebrador está xa tratado nos seus aspectos esenciais, e visto o modo indicativo e imperativo na súa voz activa. Procurarase ver a voz pasiva a grandes rasgos para afondar na súa regularidade e na súa semellanza coas linguas oficiais.</p> <p>Alumnos e alumnas están asimesmo traducindo textos sinxelos, cunha análise básica. Continuaremos nesa liña.</p> <p>Ao igual que en Latín I o apartado de cultura non reviste unha dificultade excesiva para o estudo persoal. Traballaremos a familia, a sociedade, a vivenda, o calendario, a romanización e aspectos básicos da Historia de Roma.</p> <p>Son notables as similitudes nas materias de Latín de cuarto e Latín I; lembremos que a diferenza consiste nos niveis de afondamento: máis superficiais no caso de cuarto e máis contundente no caso de primeiro.</p>
Materiais e recursos	Exercicios do libro de texto e materiais proporcionados pola profesora.

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	Esta addenda á programación do Departamento será publicada na páxina web do IES Elviña. Ademais o alumnado será informado pola profesora nos canles utilizados para a súa formación telemática; dispoñemos dos correos electrónicos dos rapaces e rapazas e serán avisados neles
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.